



R facilítalles conectividade a familias desfavorecidas do concello coruñés de Ribeira

- **R abre gratuitamente wificlientes R a 50 usuarios de familias con poucos recursos económicos de Santa Uxía de Ribeira para que poidan retomar telematicamente o curso escolar durante a crise sanitaria.**
- **Con ese fin de permitir o desenvolvemento do traballo escolar dende a casa no período de confinamento, o operador galego tamén lles facilitou 30 liñas de móbilR con 50 gigas de datos/mes gratis ata o mes de xuño a estas familias ribeirenses desfavorecidas.**
- **O operador galego tenta responder solidariamente, agora en Ribeira, ás necesidades da contorna local levando á práctica unha vez máis o seu lema de “tecnoloxía por e para as persoas”.**

Martes, 19 de maio de 2020.- Ademais do seu papel como operador, que lle proporciona unha rede de última xeración e que lle presta servizos e produtos avanzados de telecomunicacións ao mercado, **R** contribúe solidariamente coas peticións da contorna máis próxima en Galicia a través de actuacións de compromiso social.

Trátase de responder ao seu outro rol esencial, o de empresa responsable e comprometida coa xente galega, sobre todo cos que peor o están a pasar durante o estado de alarma e o período de confinamento. Neste grupo atópanse as familias con menos recursos económicos e serias dificultades para que os seus fillos/as prosigan en casa o curso escolar en igualdade de condicións ao resto dos/os alumnos/as. A fenda dixital evidénciase nestes colectivos e **R** tenta responder na medida do posible poñendo en práctica o seu lema “tecnoloxía por e para as persoas”.

Wifi en aberto e gigas para familias ribeirenses

Esta vez os equipos de servizo público de **R** mobilizáronse para axudar a varias decenas de familias do municipio coruñés de Santa Uxía de Ribeira e reforzar o traballo de apoio que tamén lles están brindando o propio municipio e outras entidades.

Así, **R** abriu gratuitamente **wificlientes R**, a rede wifi máis extensa de Galicia (130.000 puntos wifi), a **50 usuarios** de familias con poucos recursos económicos de Ribeira, para que poidan retomar telematicamente o curso escolar durante a crise sanitaria.

Con esa mesma finalidade de lles posibilitar o traballo escolar dende a casa aos/ás mozas destas familias desfavorecidas durante o período de confinamento, o operador galego tamén lles facilitou **30 liñas de móbilR con 50 gigas** de datos mensuais gratis ata xuño a cada unha delas. Falamos de alumnos/as que durante as primeiras semanas do estado de alarma non puideron acceder ás clases virtuais nin ao traballo en liña por carecer desa imprescindible conectividade.

Outras accións de R para eliminar barreiras de conectividade

Case dez semanas despois do decreto que obriga ao confinamento, **R** mantén o seu compromiso de proporcionar a mellor calidade nas comunicacións entre persoas e empresas, controlando en todo momento o tráfico e caudal dos datos para lle dar dimensión á rede en función das necesidades e usos. Todo iso co obxectivo de proporcionar unha **boa experiencia de usuario**, máis aínda nestes momentos nos que as familias, as empresas e os servizos sanitarios e de emerxencias necesitan estar conectados.

Velaquí outras iniciativas sociais desenvolvidas por **R** durante a crise da covid-19:

_Apertura da plataforma de televisión *online* **tvcomigo** a todas as persoas hospitalizadas, independentemente de se son clientes/as ou non de **R**.

_Colaboración directa coa iniciativa da Xunta de Galicia (a través da Consellería de Educación e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia), para dotar de **conectividade nos seus fogares aos/as alumnos/as de familias con menos recursos económicos** e permitirilles seguir o resto do curso telematicamente durante a crise sanitaria. **R** achega, neste caso, 200 tarxetas SIM de datos e abre gratuitamente a súa rede wificlientes **R** a 300 usuarios/as.

_Envío de mensaxes vía correo electrónico aos/ás seus/súas clientes/as con consellos sobre o uso dos seus servizos e **recomendacións de uso racional e responsable da rede** para lle ofrecer ao/á usuario/a unha experiencia de alta calidade.

_Adaptación á nova situación dos contidos de todas as súas redes sociais e blog para poder **escoitar as principais inquietudes dos/as seus/súas clientes/as** e adecuar os seus servizos e conectividade a cada momento.

_Reforzo das súas plataformas de atención ao/á cliente/a residencial e do soporte técnico a empresas para lles dar resposta ás necesidades de **teletraballo dos/as seus/súas empregados/as**.

_ Creación dun **sitio específico na súa web** para manter informados/as a todos/as os/as usuarios/as con noticias, consellos e formas de contacto ante calquera dúbida durante a crise sanitaria: [R.gal/euquedonacasa](https://www.r.comunicacion.es/euquedonacasa)

Como sempre, tendo en conta que os patróns de uso deste período son superiores aos habituais, **R**, do mesmo xeito que o resto dos operadores, mantén as súas recomendacións para gozar dunha boa experiencia de servizo:

- _ Potenciar o uso da **telefonía fixa** para chamadas de voz, pois estamos en casa.
- _ Usar a **rede wifi fixa** para acceder a Internet.
- _ Utilizar **ferramentas colaborativas** (*Skype, Teams, WhatsApp*, etc) tamén para as comunicacións de voz.
- _ Evitar o envío de ficheiros pesados e substituílos por **ligazóns**.
- _ Descargar os ficheiros pesados nas **“horas val”** (ou de menos tráfico)
- _ Realizar **audioconferencias** en lugar de videoconferencias.

R Comunicación
prensa@mundo-r.net
[R.gal](https://www.r.comunicacion.es)